

PREGUNTA DE AER SOBRE O CONSELLO FORESTAL MUNICIPAL

PLENO 4 XULLO 2013. ACTA 13/2013

Tendo en consideración o seguinte:

- Que existindo no Concello de Redondela a figura do Consello Municipal Forestal, aprobado en base a un acordo do Pleno do Concello de data 30.11.2006, conformado por partes implicadas na xestión dos montes do municipio e por outras partes interesadas.
- Que existindo un Regulamento do Consello Forestal Municipal (BOP nº 44, venres 2 de marzo de 2007) onde se establece a súa convocatoria polo menos unha vez por semestre (Artigo 10.- Réxime de Sesións) e xa tendo transcorrido o primeiro semestre de 2013 sen térense convocado.
- Que tendo constancia da solicitude entregada en rexistro con data 31 de maio de 2013 da convocatoria do Consello Municipal Forestal realizada por máis da terceira parte da totalidade das/os membros, tal como establece o Artigo 10.- Réxime de Sesións do Regulamento do Consello Forestal Municipal.
- Que atopándonos xa no mes de xullo, en plena época de elevado risco de incendios (Cun IRDI actual >69%, risco de moi alto a extremo para Redondela), e sen terse reunido o Concello coas partes implicadas na xestión dos montes de Redondela para levar a cabo unha actualización e posta en común dos recursos existentes relacionados coa extinción de incendios.
- Sen ten constancia de avances na elaboración e aprobación do plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, competencia que lle corresponde aos concellos en virtude da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia modificada pola Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.
- Atopándose o goberno local estudando a posibilidade de asinar un convenio de colaboración coa Consellería de Medio Rural para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa, sen establecer a comunicación e intercambio de pareceres necesaria e preceptiva coas partes implicadas, a través da convocatoria do Consello Municipal Forestal.

En virtude do anteriormente exposto preguntamos:

Cando vai proceder o Sr. Alcalde ou membro da Corporación no que delegue (segundo o establecido no Artigo 6.- Pleno do Regulamento do Consello Municipal Forestal) a realizar a preceptiva convocatoria do Consello Forestal Municipal?

O concelleiro Alvarez Ballesteros di que está convocado para o mércores día 10 de xullo. O funcionario estivo de baixa, actividades de maio....etc.